



## A Xunta aínda non recibiu a Turismo de Santiago para falar do Xacobeo

O Concello de Santiago amosa a súa preocupación sobre a política de Turismo da Xunta, á que acusa de ter “un desnorte xeralizado que pode acabar nun problema grave”, sostén Xosé Manuel Iglesias, concelleiro de Turismo, que afirma que nada sabe dos actos do Xacobeo. **PÁXS. 16-17**

Entrevista | Xosé Manuel Iglesias, concelleiro de Turismo de Santiago de Compostela

# “A Xunta ten un desnorte xeralizado que pode acabar nun problema grave para o turismo”

“A secretaria xeral aínda non me recibiu, non sabemos nada dos actos previstos para o Xacobeo 2010”

## ENTREVISTA

EVA FUENTES  
GALICIA

eva.fuentes@xornaldeg Galicia.com



O edil de Turismo de Santiago, o nacionalista Xosé Manuel Iglesias, vive ultimamente xornadas bastante axetreadas. “Estes días na miña vida non hai máis que aeroportos, comer pouco e durmir o imprescindible”, comenta polo móbil a unha compañeira de Goberno no medio da conversa. Precisamente as terminais –das que onte mesmo dixon nunha entrevista na radio, que “sobran” en Galicia – e o Xacobeo son os dous piares da conversa.

**A polémica sobre os aeroportos está servida, tras a cancelación dunha reunión coa consellería de Turismo e as declaracións de Roberto Varela, sobre o descenso nas liñas de baixo custo e a intención de eliminar as axudas.**

Nós non sabemos realmente a que se debe. A nós preocúpanos efectivamente que por parte da Xunta se suprimira a reunión, pero máis nos preocupan algúns comentarios que estamos vendo do propio concelleiro. Parécenos que a xente que vén de destinos emisores importantes que teñen enlaces con Lavacolla son turistas italianos, alemáns, ingleses... Non damos crédito a todo iso. Isto obríganos a repensarnos o futuro, na medida en que os resultados dos voos e do aeroporto, dende o noso punto de vista, están moi condicionados pola presenza destas liñas. Polo tanto, igual que manifestaba Feijóo que non vai poder devolver 2.000 millóns de euros, non podemos seguir mantendo como concello as compañías de baixo custo que están a chegar a Santiago. Non é un capricho, é unha política estratéxica, pensada e documentada.

**O concello non podería asumilas?**

Nós nos somos tan suicidas como para poñer en perigo o futuro da empresa e do turismo e da promoción se a Xunta non asume a cota de responsabilidade que lle corresponde.

**Que suporía para o turismo?**

Pola importancia do turismo, que supón un 11% do PIB galego, hai que atenderlo. E, polo tanto, atender as liñas de baixo custo é fundamental para o futuro turístico da nosa cidade e do país.



Xosé Manuel Iglesias, diante da Oficina de Turismo de Santiago

OLALLA LOJO

Do contrario, aquí, despois de 2011, e se cadra, xa nese ano, en vez de turistas imos ter excursionistas: persoas que se van desprazar aquí a unha hora do día pero terán o seu centro de referencia en Porto. Isto é unha ruína para o sistema turístico galego e por suposto para a nosa cidade que é o *santo e seña* e a gran referencia.

**Que opina do estudo ao que se remite a consellería para eliminar as axudas?**

Creo que o estudo que teñen, do que nos pasaron unha copia, non di nada. E, en todo caso, non di o que o concelleiro di que di. O estudo non di nada. Nós facemos referencia a estudos de Aena, do INE, de Exceltur, etcétera. Son distintas fontes que botan por terra estas teorías. É unha política errática que pode acabar convertíndose nun problema grave para o turismo.

**Entón, de onde sacan eses datos?**

Nós iso non o sabemos. Nós temos distintas fontes que dan datos que non teñen nada que ver con iso, que contradín totalmente esas referencias. Non hai nada diso. Por exemplo, as pernoctacións de estranxeiros en Galicia, que son datos do INE dende 1999 non din nada diso (de 795.000 a 1.355.000 en 2008), por calquera dos lados que se mire.

**Cre que a consellería trata de transmitir a idea de que as compañías de baixo custo non aportan bos resultados para deixar de dar axudas?**

Pode ser, pero eles terán que responder diso. O problema non se vai debatir só en clave política, aquí hai moita xente que vive diso. Hai todo un sector de hotel, restauración, etcétera. Isto non se sostén. Non hai datos que avalen iso, incluso os que eles mesmos preguntan están moi lonxe de todo iso. Polo tanto, o PP vai ter que responder deste tema.

**De todos os xeitos, Varela dixo que este ano van dar subvencións en proporción dos viaxeiros, polo que Santiago leva a maior parte. Non lles dá un pouco de tranquilidade?**

Se se di por un lado que non vai haber axudas ás liñas de baixo custo, que é o que en realidade lle pode competir, ao concelleiro de Cultura e Turismo, o demais, en clave de que fala? Por que en todo caso será competencia de Aena, de Transportes. Non sabemos porque razón un concelleiro que non ten competencias nestes ámbitos se atreve a opinar sobre isto e mesmo a condicionar esta política que non lle compete, a que lle compete é a de Promoción Turística. Iso é o razoable. Nós non entendemos nada, hai un desnorte

“Non estamos en contra de ningún aeroporto, gustaríanos que medraran con nós, non a costa de nós”

xeralizado e con riscos moi serios para un sector moi importante da nosa economía.

**O concelleiro de Infraestruturas si que concretou que haberá unha partida para os aeroportos nos orzamentos para 2010.**

Nós non sabemos nada. O que vemos é contradicións, declaracións encontradas e nada clarificadoras e o que estamos sufrindo unha práctica na que a base de exabruptos, se descalifica a nosa acción de Goberno, á empresa municipal de turismo, Incolsa.

**É posible que Ryanair teña unha base en Santiago tras establecela en Porto?**

Con estas declaracións véxome moi difícil, van na liña de desarticular toda unha política que estaba asentada.

**Entón cre que antes era viable e agora xa non coa postura da Xunta?**

Estou convencido de que hai posibilidades, habíaas xa antes do da base de Porto. Tería sido bo que o Goberno galego fora por diante pero estas declaracións circulan en dirección contraria.

**Que lle parece a proposta da Xunta dun aeroporto único coas siglas GLC?**

En termos turísticos non nos parece

unha gran operación. Hai un nome que é o de SCQ-Santiago, que está xa consolidado e é unha referencia. Non vemos que haxa ningún tipo de estratexia capaz de xustificar o problema que suporía un cambio destas características. Nós pensamos que a coordinación sería boa, pero de aí a liquidar os tres aeroportos por definición... Ademais, non coñecemos casos destas características, nin sequera cidades. Paréceme ben que se tome conciencia da importancia deste asunto. De momento hai declaracións, pero son contraditorias, non están nada claras sobre asuntos moi relevantes e creo que queda moita tela que cortar e moita que matizar.

#### Estase caendo no localismo?

A política de *café para todos* nalgúns asuntos non é o máis recomendable. Nós entendemos que hai unha realidade de tres aeroportos no país e hai que atendela. Dende Santiago non estamos en contra de ningún aeroporto, gustaríanos que medraran todos con nós e non a costa de nós. Gustaríanos que a supremacía que temos a nivel de infraestruturas e de recursos se respectara e non fora en prexuízo de ninguén e dos nosos intereses.

#### Comparte a idea do edil de Turismo da Coruña, Henrique Tello, que di que hai falta de "compromiso real" por parte da Xunta neste tema?

Os datos están á vista.

#### O día antes de constituírse o Comité de Rutas Aéreas, vostede non sabía da reunión, á que estaba convocado o alcalde. Non tratan entre vostedes este tema?

Permanentemente. Outra cousa é que convocaron aos alcaldes, e a min mantívome perfectamente informado.

#### Cando a Xunta decidiu que Santiago non participaría na Expo de Shangai promoveu unha compensación. Cre que se está a cumprir?

Nós renunciamos a estar presentes alí por falta de apoio e froito dun pacto entre o presidente da Xunta e o alcalde de Santiago coa intención de investir no Xacobeo e na promoción da cidade. Nestes temas sería bo que se tivera en conta esta situación é que a Santiago se lle compensara na medida do posible no que ten que ver con promoción turística xa que non vai estar nun escenario de extraordinaria importancia.

#### Podería ter a Xunta aforrado noutros temas e conseguir que Compostela participase nesa feira internacional?

A presenza de Santiago de Compostela en Shangai, que é a marca máis recoñecida, incluso máis que o país, sería importantísima para a cidade de Santiago e para Galicia. Non sería un gasto, senón máis ben un investimento. No seu momento tómase a decisión de non ir, e haberá que buscar unha compensación, pero nós con palabras non arranxamos.



Iglesias, nun momento da entrevista

OLALLA LOJO

"Tomouse a decisión de non ir a Shangai a cambio de compensalo, pero nós con palabras non arranxamos"

#### E como van as relacións coa Xunta para a preparación do Xacobeo?

De momento, o único que coñecemos son proxectos. É un asunto que está sendo monopolizado en todos os asuntos pola Xunta. Nós asumiremos na medida das nosas posibilidades as responsabilidades que temos: información, limpeza, seguridade, etcétera. A partir de aí estaríamos encantados e estamos esperando chegar a acordos de promoción para a cidade e o país. De momento, apenas coñecemos, e por referencias de prensa e declaracións, o que se está facendo ao respecto. Con nós non hai nada máis que dúas reunións da Comisión para o Xacobeo pero en concreto non hai nada.

#### Entón, non hai contacto?

Mire vostede, a min aínda non me recibiu a secretaria xeral de Turismo, e con iso dígolle todo. O problema non é que me reciba a min como Xosé Manuel Iglesias, o problema é que non recibe ao presidente do Consello de Administración da empresa de turismo máis importante do país e do destino turístico máis importante, onde están en xogo intereses da nosa cidade.

#### Polo tanto, non saben nada dos concertos e actos previstos para o 2010?

Non sabemos nada, sabemos o que sabe a opinión pública. ■